

FICHA TÉCNICA

DENOMINACIÓN DE ORIXE VALDEORRAS

Creación: Por Orde ministerial do 30 de xullo de 1957.

Regulamentación: Orde do 24 de novembro de 2009 pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe Valdeorras e do seu Consello Regulador (DOG nº 234, do 30 de novembro de 2009). Modificado pola Orde do 1 de febreiro do 2012 (DOG nº 31 do 14 de febreiro de 2012). Corrección de erros no DOG nº 38, do 23.02.2012. Modificado pola Orde do 12 de novembro do 2021 (DOG nº 226 do 24 de novembro do 2021)

Prego de condicións: publicada a última comunicación de aprobación de modificación no DOUE C-225 do 5.07.2019.

Enderezo: Estrada N-120, p.k. 463
32340 Vilamartín de Valdeorras – Ourense
Tel.: 988 30 02 95
Correo electrónico: consello@dovaldeorras.com
[Web: www.dovaldeorras.com](http://www.dovaldeorras.com)

Presidente: José Luis García Pando

Rexistros a 31 de decembro de 2021:


Superficie inscrita:	1.113 ha
Viticultores:	1.042
Industrias:	43

Volume de actividade no ano 2021:

Produción uva:	7.107.426 kg
Viño cualificado:	3.893.720 l
Valor económico estimado	25.958.000 €

Zona amparada pola DO Valdeorras

A zona amparada para a produción de viño con denominación de orixe Valdeorras localízase no nordeste da provincia de Ourense e abarca os concellos de O Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá e Vilamartín de Valdeorras.



Características dos viños da DO Valdeorras

Os viños brancos elaborados a partir da variedade Godello posúen cores amarelo-palla con matices verdosos, os seus recendos son francos e intensos lembrando algunha variedade de mazá. En boca amósanse perfectamente estruturados e untuosos, cunha acedume natural que os fai frescos e elegantes, resultando viños plenos, con postgusto largo e satisfactorio. A súa graduación media sitúase arredor dos 12,5°.

Os monovarietais tintos, elaborados con Mencía, están dotados dunha fermosa cor entre vermello-rubí e picota, de capa media e matices violáceos que identifican a súa xuventude con sutís expresións aromáticas de intensidade media que lembran as froitas do bosque como a grosella, framboesa e amora. O seu paso en boca resulta suave e carnosos, cun final limpo e fresco.

Variedades de uva da DO Valdeorras:

- **Variedades brancas preferentes:** godello, loureira, treixadura, dona branca (moza fresca), albariño, torrentés e lado.
- **Variedades tintas preferentes:** mencía, tempranillo (araúxa), brancellao, merenzao (maría ardoña ou bastardo), sousón, caíño tinto, espadeiro e ferrón.
- **Variedades brancas autorizadas:** palomino.
- **Variedades tintas autorizadas:** garnacha tintureira, gran negro e mouratón.

Tipos de viño.

Os viños máis característicos da DO Valdeorras son os monovarietais, da variedade godello en brancos e mencía en tintos, elaborándose tamén viños co resto das variedades.

Os tipos de viño amparados pola denominación de orixe Valdeorras son os seguintes:

a) Brancos.

- Valdeorras godello: elaborado co 100% de uvas procedentes de la variedade godello.
- Valdeorras castes nobres: elaborados cun mínimo do 85% de uvas de variedades preferentes brancas.
- Valdeorras branco: elaborado con uvas procedentes de variedades brancas preferentes e autorizadas.

b) Tintos.

- Valdeorras mencía: elaborado polo menos co 85% de uvas procedentes da variedade mencía.
- Valdeorras castes nobres: elaborados cun mínimo do 85% de uvas de variedades preferentes tintas.
- Valdeorras tinto: elaborado con uvas procedentes de variedades tintas preferentes e autorizadas.

c) **Valdeorras escumoso**: viño escumoso obtido segundo o método tradicional, elaborado cun mínimo do 85% de uvas da variedade godello.

d) **Valdeorras tostado**: viño naturalmente doce, que se elabora a partir de variedades tintas ou, se é de uva branca, esta será da variedade godello.

Os distintos tipos de viños tintos recollidos nos parágrafos anteriores e os brancos Valdeorras godello poderán utilizar na súa etiquetaxe e publicidade a mención "producción controlada" cando estean elaborados exclusivamente con uvas de parcelas sometidas ás condicións especiais de limitación da produción que se especifican no artigo 9º.2 do Regulamento.

Os distintos tipos de viños brancos e tintos aos que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser sometidos a un proceso de envellecemento en barricas de carballo e terán dereito a utilizar os termos "barrica", "crianza", "reserva" e "gran reserva", segundo a lexislación vixente.

Evolución da produción de viño amparado pola denominación de orixe Valdeorras (hl)

